



Neste número // Xornada de presentación da Rede de Plataformas Tecnolóxicas Galegas / Reunión do grupo de traballo de innovación para impulsar proxectos neste eido / A internacionalización, obxectivo prioritario para os membros do Clúster / Primeiros pasos para a creación dun Centro Tecnolóxico /

Posta de longo da Plataforma Tecnolóxica do Produto Gráfico e do Libro Galego na presentación da Rede Neurona

Juan Penas explicou os proxectos e grupos de traballo da entidade creada polo Clúster ante máis de 200 representantes do sector empresarial e investigador galego

O Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia acolleu a finais de abril a xornada de presentación da Rede de Plataformas Tecnolóxicas Galegas -Neurona-.

En Galicia existen actualmente 14 plataformas tecnolóxicas lideradas polos respectivos centros tecnolóxicos ou clústers empresariais. Nesta xornada os representantes de cada unha delas, deron a coñecer as liñas xerais e obxectivos da súa plataforma, así como os grupos de traballo e as actuacións levadas a cabo ata o momento.

Juan Penas, xerente do Clúster, foi o encargado de presentar aos máis de 200 asistentes a Pla-



Juan Penas compartiu mesa con Antonio Rodríguez, do sector das TIC, Antón Reixa, do audiovisual, e con Salustiano Mato, director xeral de I+D+i.

taforma Tecnolóxica do Produto Gráfico e do Libro

Galego, concibida como un lugar de encontro e

diálogo de todos os axentes relacionados cos dife-



Máis de douscentos representantes do sector empresarial e investigador galego acudiron á presentación das distintas plataformas galegas.

rentes sectores que configuran o Clúster.

Actualmente a plataforma gráfica está composta por 15 membros: o Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego, a Asociación de Empresarios de Ar-

compañías galegas e a creación do primeiro Centro Tecnolóxico do Produto Gráfico e do Libro Galego.

A Rede Neurona foi creada pola Consellería de Innovación e Industria para agrupar e potenciar as

A plataforma creada polo Clúster impulsará importantes proxectos que incrementarán a competitividade das empresas galegas

tes Gráficas de Galicia, a Asociación Galega de Editores, o Centro Tecnolóxico CITAGM, Caixa Galicia, a Cámara de Comercio de Santiago, R, Tecnom, Plexus, FEUGA, o Instituto de Desenvolvemento de Caixanova, Xerox, Henche e HP.

Desde a plataforma impulsaranse proxectos tales como "o libro galego na rede", importantes misións comerciais no estranxeiro que favorecerán a internacionalización das

plataformas tecnolóxicas galegas, así como para facilitar o intercambio de información e experiencia entre estas. Ademais tamén servirá como elemento de vinculación entre os axentes que integran as diferentes plataformas

de Neurona e polo bo funcionamento das distintas plataformas.

Fernando Blanco destacou que "a creación dunha rede de plataformas tecnolóxicas permitirá optimizar os recursos existentes e a efectiva transferencia de coñecemento". O titular de Industria tamén afirmou que "para impulsar o medre do sistema galego de I+D+i hai que favorecer a colaboración entre os distintos axentes".

Nos próximos meses completaráse a implantación da Rede Neurona. Porase en marcha unha páxina

Neurona nace co obxectivo de agrupar ás plataformas tecnolóxicas galegas e facilitar o intercambio de información entre estas

e entre estes e as entidades públicas.

A xornada foi clausurada por Fernando Blanco, conselleiro de Innovación e Industria e por Salustiano Mato, director xeral de I+D+i, os cales expresaron a súa alegría pola creación

web (www.redeneurona.org), un catálogo de capacidades de I+D+i dos sectores relacionados coas 14 plataformas e creárase un servizo de vixilancia tecnolóxica especializado que ofrecerá informes de interese aos membros de Neurona.



O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, e o director xeral de I+D+i, Salustiano Mato, foron os encargados de clausurar a xornada de presentación de Neurona.

/ Constitúese o grupo de traballo de innovación para impulsar proxectos e incrementar a competitividade das empresas do Clúster /

A mellora dos procesos e técnicas de xestión, a creación dunha plataforma de comercio electrónico e o desenvolvemento de tecnoloxía de identificación por radiofrecuencia, serán os tres eixes prioritarios

O pasado 15 de maio reuníronse en Santiago de Compostela doce empresarios galegos pertencentes ao Clúster co obxectivo de identificar os proxectos que máis se axustan aos seus intereses non eido da innovación e conformar o grupo de traballo que se encargará do seu bo desenvolvemento.

Este grupo nace avalado pola Plataforma Tecnolóxica do Produto Gráfico e do Libro Galego, xa que esta foi creada co obxectivo de apoiar todos os proxectos de I+D+i que se impulsen desde o Clúster.

Na reunión fixéronse tres eixes prioritarios de traballo que centrarán as actuacións que se levarán a cabo a medio prazo e que teñen como obxectivo promover a competitividade dos sectores gráfico, editorial e publicitario.

Mellora dos procesos e técnicas de xestión

Neste eixe levaranse a cabo proxectos traballando coa estandarización da cor e as di-

ferentes ferramentas para optimizar os fluxos de traballo e contribuír á mellora do proceso produtivo.

O obxectivo é que as empresas que cumpran unha serie de requisitos obtengan un selo de garantía gráfica galega (GGG) que outorgará aos seus produtos unha distinción de calidade e fiabilidade.

“O libro galego na rede”

Na actual era dixital na que Internet arroxa unha morea de posibilidades para o negocio, e en especial para a distribución

A plataforma do libro na rede pretende converterse no “Amazon” galego cunha proxección internacional

on-line dos produtos, se plantexa crear unha plataforma dixital na que editores, impresores e deseñadores poidan interactuar co comprador e vender os seus produtos a través da rede de redes.

A futura plataforma dixital contaría con catálogos electrónicos coas diferentes coleccións dos membros do Clúster, venda de e-books, impresión de libros baixo demanda,

registro de preferencias e de áreas de interese dos usuarios, etcétera.

Este proxecto está concibido coa aspiración de converterse no “Amazon” galego cunha proxección internacional.

Etiquetas RFID

O terceiro eixe ten que ver co desenvolvemento de tecnoloxías aplicadas ao proceso produtivo. Un bo exemplo son as etiquetas RFID, unha ferramenta de identificación por radiofrecuencia que ofrecerá información actualizada sobre o mercado de produtos.

Todos os proxectos da Plataforma Tecnolóxica do Produto Gráfico e do Libro Galego contarán co apoio dos diferentes socios tecnolóxicos desta e están abertos á participación de todos os membros do Clúster.



Á reunión acudiron empresarios dos distintos eslabóns da cadea de valor do produto gráfico e do libro galego.

BREVES

Os nosos asociados viaxaron á Drupa

Vinte empresarios galegos visitaron Düsseldorf (Alemaña) o pasado 2 de xuño para asistir á Feira Mundial da Industria Gráfica, os Medios Impresos e da Transformación do Papel, Drupa 2008.

O Clúster organizou esta viaxe, de catro días de duración, en colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela co obxectivo de que os asociados participasen neste evento mundial no que se dan a coñecer as últimas tecnoloxías do sector e puidesen asistir a xornadas técnicas impartidas por expertos de recoñecido prestixio internacional.

O Clúster inicia o camiño para converterse nunha AEI

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio xa recibiu o desexo do Clúster de converterse nunha Agrupación Empresarial Innovadora (AEI). Esta é unha fórmula para impulsar e estender máis rapidamente as prácticas de innovación a colectivos de empresas en condicións e con vontade de emprender proxectos avanzados de carácter colaborativo.

Se finalmente o Clúster obtén esta distinción, repercutirá positivamente nos nosos asociados xa que lles outorgará importantes vantaxes á hora de acceder aos programas públicos de apoio financeiro.

Futuro Centro Tecnolóxico

O Clúster, acolléndose ao programa Crea, deu xa os primeiros pasos para mostrar o seu interese porque Galicia conte cun Centro Tecnolóxico do Produto Gráfico e do Libro Galego. O 19 de maio presentamos unha solicitude de axuda ao Ministerio de Industria para analizar a viabilidade técnica e económica da súa constitución.

O futuro centro contribuiría a fomentar a investigación, a innovación e a creatividade, tanto nos procesos coma nos propios produtos e servizos finais, dos sectores que conforman o Clúster e impulsaría un novo tecido innovador empresarial no seo da nosa comunidade.

/ O Clúster impulsará proxectos internacionais para os seus asociados /

O 21 de maio celebrouse a primeira reunión do grupo de empresarios interesados en impulsar proxectos internacionais que lles axuden a

exportar os seus produtos e a acadar novos mercados.

Esta cita resultou altamente produtiva xa que se fixaron

os obxectivos estratéxicos e as ferramentas que contribuirán a realizar as actuacións desexadas. Entre estas cabe destacar a creación de consorcios de exportación, misións comerciais inversas, presenza en feiras internacionais e a venda de produtos a México, Brasil, Francia, Gran Bretaña e Alemaña.

A idea é que aínda que aquí as empresas asociadas ao Clúster son competidoras entre si, estas aliense e saian ao exterior como colabora-

doras ofrecendo novos paquetes integrais que inclúan a edición, impresión e a campaña publicitaria do produto en cuestión.

Para levar a cabo estas accións o Clúster solicitou á Consellería de Traballo un bolseiro con experiencia en proxectos internacionais que será o encargado de canalizar e estudar a viabilidade das diferentes actividades que interesen aos empresarios galegos relacionados co comercio exterior.



Recordámoslles que o Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego pon á súa disposición diferentes vías de contacto:
Teléfono: **981 568 969** / Fax: **981 568 993**

Enderezos electrónicos:

juanpenas@clustergrafico.com (Xerente) / **comunicacion@clustergrafico.com** (Prensa) / **cluster@clustergrafico.com** (Xeral)